


Boletín Infancia *galicia*

Non perdas as nosas novas do mes!

NOVAS



A protección da infancia non entende de fronteiras

Ante a chegada de nenos, nenas e adolescentes a Ceuta en situación de especial vulnerabilidade, é imprescindible garantir os seus dereitos con independencia da súa orixe ou situación administrativa. Toda actuación debe basearse na protección, a escoita e o interese superior da infancia.

[Máis información](#)



A POIG presenta ao BNG as conclusións do informe sobre os dereitos da infancia

A POIG compartiu co BNG as principais conclusións do informe *Os dereitos da infancia en Galicia*, poñendo o foco en retos como a pobreza infantil, a saúde mental, a violencia e o sistema de protección, e trasladando propostas para reforzar as políticas públicas de infancia.

[Máis información](#)



[A POIG obtén a certificación de calidade ISO 9001:2015](#)



[Aprender, convivir e medrar a través dos campamentos](#)


ENTIDADES MEMBRO



[Ayuda en Acción busca un/unha orientador/a vocacional-profesional en Arxúa](#)



[Acougo organiza un evento solidario a favor da infancia e das familias acolledoras](#)



[Autismo Galicia reivindica un lecer inclusivo durante o verán](#)

PUBLICACIONES



[Máis información](#)

A Plataforma de Infancia pide garantir os dereitos da infancia migrante non acompañada

A Plataforma de Infancia advertiu de que retirar prestacións económicas á infancia migrante non acompañada tutelada polas administracións podería vulnerar o principio de igualdade e o interese superior da infancia. A entidade reclama que se garantan os mesmos dereitos e a mesma protección para todos os nenos, nenas e adolescentes, con independencia da súa nacionalidade ou situación administrativa.



[Máis información](#)

Santiago acollerá o II Simposio Europeo sobre Aporofobia

EAPN España e EAPN Galicia organizan os días 23 e 24 de setembro o II Simposio Europeo sobre Aporofobia, un espazo de reflexión e debate que reunirá a persoas expertas, institucións e entidades sociais para avanzar na prevención da discriminación por razón de pobreza e na promoción de políticas públicas máis inclusivas.



[Máis información](#)

Aberta a convocatoria para transformar os recursos residenciais de protección á infancia

A Plataforma de Infancia colaborará coa Secretaría de Estado de Dereitos Sociais nun proceso para impulsar a transformación dos recursos residenciais de pequena escala cara a un modelo de coidados máis familiar, personalizado e comunitario, no marco do proxecto **Hogarizar**.

AXENDA

Non hai eventos programados.

[Subscríbete](#)

A [Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia](#) é unha asociación de persoas xurídicas que actúa no territorio galego sen prexuízo de realizar actuacións estatais e



plataforma de
organizacions
de **infancia**
galicia



Coa colaboración da



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

[Queres darte de baixa?](#)